



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO MALAIKAS PARA A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO DAS MULLERES MIGRANTES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE E O PROXECTO BERRANDO AO MUNDO DE INTERVENCIÓN CON ADOLESCENTES EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE XÉNERO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Fundación Juan Soñador o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

O obxecto deste Convenio é instrumentar a concesión dunha subvención pola Consellería de Política Social e Igualdade en beneficio da Fundación Juan Soñador para o desenvolvemento dos seguintes proxectos:

a) Proxecto Malaikas: Previr a violencia de xénero e protexer os dereitos das mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade, promovendo a súa seguridade, dignidade e autonomía.

b) Proxecto Berrando ao Mundo: Fomentar a igualdade de xénero entre a poboación adolescente e xuvenil en situación ou risco de exclusión social.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Fundación Juan Soñador, entidade de carácter social sen ánimo de lucro, promovida pola Familia Salesiana do noroeste de España e inscrita no Rexistro de Fundacións asistenciais no Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais co número 24-0061, el 19 de setembro de 2002, recolle nos seus estatutos como obxecto de actividades fundacionais, "Desenvolver proxectos de promoción social de barrios populares cun alto índice de problemática social, mediante proxectos socioeducativos, culturais, de ocio e tempo libre, de educación de rúa, de promoción da muller e igualdade de xénero". Conta con equipos educativos profesionais estables e identificados cos seus valores fundamentais: ser axentes de cambio e transformación social, por medio dunha proposta socioeducativa integral e de calidade, promovendo o protagonismo activo das persoas excluídas como suxeitos de dereitos.





A Consellería de Política Social e Igualdade, que ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Fundación Juan Soñador para o financiamento de ambos programas cuxo interese prioritario é poder ofertar ás mulleres migrantes o acceso a recursos, garantindo que as mulleres migrantes vulnerables teñan acceso efectivo a recursos de apoio, asesoramento e programas de empoderamento económico e social, así como traballar a educación na igualdade con adolescentes e mozas/os en situación de risco e exclusión para fomentar unha capacidade de reflexión crítica e identificar situacións de violencia machista.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás mulleres migrantes e aos mozos e mozas unha serie de ferramentas para fortalecer as habilidades de autoestima, comunicación asertiva, resolución de conflitos e toma de decisións para que poidan identificar e enfrontar a violencia de xénero.

De conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrencia pública, e as razóns de interese social, para os efectos da subscripción deste convenio. O carácter singular do presente Convenio ven determinado por razóns de interese público, no que o interese prioritario é, por unha banda, poder ofertar ás mulleres migrantes unha serie de ferramentas para o seu empoderamento, para poder acceder en igualdade ao recursos para evitar relacións e situacións abusivas e de violencia e, por outra fomentar a igualdade de xénero entre a poboación adolescente e xuvenil en situación ou risco de exclusión social.

A Fundación Juan Soñador, é a única entidade que traballa directamente coas mulleres migrantes e mozos en risco de exclusión abordando a violencia de xénero desde puntos de vista moi diferentes (mulleres migrantes e mozos) pero co obxectivo común da prevención e atención para atallar a violencia de xénero e conta con equipos educativos profesionais, estables e identificados nos valores da loita contra a violencia de xénero.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

